

DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 6 de setembro do 2021, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“32.-APROBACIÓN DAS NORMAS DE INSCRIPCIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CURSO 2021 - 2022.

O Concello de Monforte organiza, para o curso 2021 - 2022, unha serie de actividades deportivas encadradas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais, que pretende, entre outras cousas, complementar a oferta deportiva existente en Monforte proposta por clubs deportivos e outros entes de promoción deportiva.

As actividades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o Curso 2021 - 2022, son as seguintes:

- Escolas Deportivas Municipais para nenos/as:
 - Golf
 - Pádel
 - Kung Fu
 - Zumba Infantil

- Escolas Deportivas Municipais para persoas adultas:
 - Ximnasia de mantemento
 - Tai Chi
 - Ioga
 - Zumba Adultos

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ás normas de inscrición e desenvolvemento das escolas deportivas municipais curso 2020-2021, co seguinte detalle:

1. PERSOAS PARTICIPANTES:

Poderán participar no programa as persoas que cumpran os seguintes requisitos:



- Para participar en escolas de nenos/as ter entre 6 e 15 anos de idade.
- Para participar en escolas de adultos ter 16 anos ou máis.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

2. ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

- **Duración:** o programa de Escolas Deportivas Municipais ten unha duración aproximada de oito meses entre o 4 de outubro de 2021 e o 31 de maio de 2022.
- **Horario e lugar de celebración das actividades:**

ACTIVIDADES	LU	MA	ME	XO	VE	SA	HORARIO	LUGAR CELEBRACIÓN
PARA NENOS/AS								
GOLF							Grupos de mañá e tarde	Club Golf Río Cabe
PÁDEL							Grupos de mañá e tarde	Club Padelante
KUNG FU							18:45 – 19:45	DOGMA Centro Pilates
ZUMBA KIDS							17:00 – 18:00	Ximnasio Neo Fit
PARA ADULTOS/AS								
XIMNASIA DE MANTEMENTO							10:30 – 11:30	Ximnasio Neka
XIMNASIA DE MANTEMENTO							10:30 – 11:30	Ximnasio Neka
XIMNASIA DE MANTEMENTO							17:00 – 18:00	Ximnasio Lemos
XIMNASIA DE MANTEMENTO							17:00 – 18:00	Ximnasio Lemos
TAI CHI							Martes: 19:45 – 20:45 Venres: 20:00 – 21:00	DOGMA Centro Pilates
TAI CHI							17:30 – 18:30	DOGMA Centro Pilates
IOGA							16:15 – 17:15	Centro Ioga Ganesha
IOGA							17:15 – 18:15	Centro Ioga Ganesha
IOGA							16:15 – 18:15	Centro Ioga Ganesha

CSV: 07E50007C81800Y1F8S7P6.J3K0



IOGA					17:15 – 18:15	Centro Ioga Ganesha
ZUMBA ADULTOS					11:00 – 12:00	Ximnasio Neo Fit
ZUMBA ADULTOS					17:00 – 18:00	Ximnasio Neo Fit

• **Calendario lectivo:**

Considéranse días lectivos de cada unha das modalidades deportivas ofertadas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais para o curso 2021 - 2022, aqueles comprendidos entre o 4 de outubro de 2021 e o 31 de maio de 2022 excepto os seguintes:

FESTIVIDADE	DATA	
Día da Festa Nacional de España	12 de outubro de 2021	Martes
Día de todos Os Santos	1 de novembro de 2021	Luns
Día da Constitución Española	6 de decembro de 2021	Luns
Día da Inmaculada Concepción	8 de decembro de 2021	Mércores
Vacacións de nadal	22 de decembro de 2021 ao 7 de xaneiro de 2022	
Entroido	28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022	
San José	19 de marzo de 2022	Sábado
Semana Santa	11 ao 18 de abril de 2022	
Martes de Pascua	19 de abril de 2022 (festa local)	Martes
Día das Letras Galegas	17 de maio	Martes

3. CUSTE DA ACTIVIDADE:

A taxa por escola e curso é de 92,70 €. Os alumnos/as que pertencen a familia numerosa terán unha bonificación do 50 %. No momento da matrícula deberá xustificarse a pertenza a familia numerosa mediante a achega do copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

O cobro da taxa pola prestación do servizo realizarase do seguinte xeito: o 50 % da contía total do curso liquidarase ao inicio da actividade, e o 50 % restante no mes de marzo do correspondente curso. No momento da matrícula indicarase o número de conta no que o Concello de Monforte efectuará o cobro pola prestación do servizo.



Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo a actividade non se prestara, procederáse á devolución do importe correspondente.

Cando a causa de non asistencia ao curso sexa imputable ao suxeito pasivo, non se procederá a prorrateo da cota tributaria, procedendo ao cobro total do curso.

4. SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

Todas as persoas interesadas en inscribirse nalguna das modalidades deportivas propostas dentro do programa de Escolas Deportivas Municipais deberán presentar, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte, de xeito presencial ou a través da sede electrónica, o modelo de solicitude cuberto con todos os datos que se requiren. En Caso de persoas menores de idade a solicitude virá asinada polo pai, nai ou titor/a legal.

O prazo de presentación de solicitude permanecerá aberto entre o 7 e o 22 de setembro de 2021. Entre o 27 e o 30 de setembro publicarase na páxina web do Concello de Monforte a lista de admitidos/as nas actividades.

A lista de admitidos/as confeccionarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes. Se unha vez finalizado o prazo de inscrición dase o caso de que quedan prazas vacantes, poderanse seguir presentando solicitudes ata esgotar as prazas ofertadas.

Para a prestación do servizo de cada unha das modalidades deportivas será necesario que a porcentaxe de inscritos na actividade acade, como mínimo, o 25% das prazas ofertadas.

5. PRAZAS OFERTADAS

Dado o contexto de alerta sanitaria motivado polo COVID-19, o número de persoas por grupo de actividade estará condicionado pola normativa existente en cada momento.

6. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Modelo de solicitude normalizado SER-DE-125
- Fotocopia do DNI do solicitante
- No caso de que o solicitante sexa menor de idade fotocopia do DNI do pai, nai ou titor/a que figura como tal na solicitude.



- No caso de familia numerosa, copia do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.

7. PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DO COVID-19

Todas as actividades contarán coas medidas preventivas fronte ao COVID-19 ditas en cada momento polas autoridades sanitarias.

A actividade deportiva de cada unha das modalidades ofertadas estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

- a) En todas as instalacións deportivas estableceranse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal.
- b) Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- c) As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- d) Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos xeles desinfectantes que estarán dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
- e) Será obrigatorio o uso de máscara en todo momento.

Estes criterios poderán sufrir modificación en función da normativa existente en cada momento.

SEGUNDO.- Proceder á publicación das mesmas na páxina web do concello. "

E para que así conste e coa salvedade do artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos na data da sinatura dixital.

Vº e Pce.
O ALCALDE

CSV: 07E50007C81800Y1F8S7P6.J3K0

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/09/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 07/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/09/2021 13:19:52

DOCUMENTO: 20210509976
Fecha: 07/09/2021
Hora: 13:19





CSV: 07E50007C81800Y1F8S7P6J3K0



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50007C81800Y1F8S7P6J3K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 06/09/2021
JOSE TOME ROCA-Alcalde - Presidente - 07/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 07/09/2021 13:19:52

DOCUMENTO: 20210509976

Fecha: 07/09/2021

Hora: 13:19

